

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

RESOLUCIÓN do 7 de febreiro de 2024 pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 16 de outubro de 2023 (Diario Oficial de Galicia número 205, do 27 de outubro) pola que se establecen as bases reguladoras e a segunda convocatoria para o ano 2023, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para proxectos colectivos de modernización das infraestruturas dos portos pesqueiros, das lonxas ou establecementos autorizados para a primeira venda de produtos pesqueiros e dos lugares de desembarque, para a mellora da eficiencia enerxética, da protección do ambiente, da seguridade e das condicións de traballo, da calidade e do incremento do control e da rastrexabilidade dos produtos desembarcados procedentes da pesca e da seguridade das infraestruturas fronte a eventos meteorolóxicos provocados polo cambio climático, cofinanciada polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) (código de procedemento PE209G).

De conformidade co establecido no artigo 15.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 17.1.b) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os órganos administrativos concedentes publicarán no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas, con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario a que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade ou finalidades da subvención.

Na súa virtude,

RESOLVO:

Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* das axudas concedidas (anexo) na segunda convocatoria de 2023, para proxectos colectivos de modernización das infraestruturas dos portos pesqueiros, das lonxas ou establecementos autorizados para a primeira venda de produtos pesqueiros e dos lugares de desembarque, para a mellora da eficiencia enerxética, da protección do ambiente, da seguridade e das condicións de traballo, da calidade e do incremento do control e da rastrexabilidade dos produtos desembarcados procedentes da pesca e da seguridade das infraestruturas fronte a eventos meteorolóxicos provocados polo cambio climático.



Estas axudas están cofinanciadas nun 70 % polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) e o 30 % pola Comunidade Autónoma de Galicia con cargo á aplicación orzamentaria 15.03.514A.781.0.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2024

O conselleiro do Mar
P.D. (Orde do 21.2.2022; DOG núm. 41, do 1 de marzo)
Susana Rodríguez Carballo
Directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

ANEXO

Expediente	NIF	Beneficiario	Importe en euros
PE209G-2023 FEMPA/02	G15036544	Confraría de Pescadores de Sada	39.476,25
PE209G-2023 FEMPA/03	G36012854	Confraría de Pescadores de Vilaxoán	2.179,21
PE209G-2023 FEMPA/04	G15036742	Confraría de Pescadores de Pontedeume	36.094,30
PE209G-2023 FEMPA/05	G15033103	Confraría de Pescadores de Camariñas	15.295,00
PE209G-2023 FEMPA/07	G15033103	Confraría de Pescadores de Camariñas	15.500,00
PE209G-2023 FEMPA/08	G15038516	Confraría de Pescadores de Lira	15.575,00
PE209G-2023 FEMPA/09	G15038516	Confraría de Pescadores de Lira	11.898,00
PE209G-2023 FEMPA/10	G15033236	Confraría de Pescadores de Ares	50.941,00
PE209G-2023 FEMPA/11	G27008515	Confraría de Pescadores de Burela	30.219,00
PE209G-2023 FEMPA/12	G36012847	Confraría de Pescadores de Cambados	98.000,00
PE209G-2023 FEMPA/13	G36012847	Confraría de Pescadores de Cambados	9.580,00
PE209G-2023 FEMPA/14	G15033236	Confraría de Pescadores de Ares	40.755,22
PE209G-2023 FEMPA/16	G15033186	Confraría de Pescadores de Barallobre	35.859,00
PE209G-2023 FEMPA/18	G36014173	Confraría de Pescadores de Santa Tecla	49.850,00
PE209G-2023 FEMPA/19	F36608131	Cooperativa Armadores Vigo (Arvi)	114.700,00
PE209G-2023 FEMPA/20	G15033186	Confraría de Pescadores de Barallobre	7.856,00
PE209G-2023 FEMPA/23	G36014389	Confraría de Pescadores de Cangas	73.729,27

